

## XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 26 de xullo de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34074.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024.

2.34075.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2024. (Expte. 2024010400)

Antecedentes:

Primeiro.- A difusión da cultura é unha das tarefas a través da cal a Deputación de Pontevedra promove o fomento da música en todos os seus ámbitos. Así, as escolas de música da provincia eríxense como dinamizadoras culturais e constitúen para o alumnado en xeral e, en especial, para o de idades temperás, o primeiro contacto con profesionais do eido educativo musical, que lle transmiten coñecementos e valores culturais, fomentan a práctica da música como afección ou maior dedicación e supoñen un elemento dinamizador na contorna social na que se sitúan.



Nesta liña, o incremento na nosa provincia de escolas de música que contan coa autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a existencia de máis de oitenta bandas de música na provincia de Pontevedra inscritas no Catálogo de grupos Culturea da Deputación de Pontevedra son mostra da importancia que eses colectivos representan para a cultura popular galega.

Segundo.- Na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 11 de marzo de 1993, regúlanse as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, e salientase a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. No seu punto 12 clasifícanse as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Con estes antecedentes, quérese dar continuidade a esta liña subvencional activa desde o ano 2006, incrementando a súa dotación orzamentaria, co obxectivo de promover a labor das escolas de música na difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Terceiro.- Esta convocatoria define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes das asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2024.

Cuarto.- As axudas están destinadas ás entidades titulares das escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical, que estean inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, antes de rematar o prazo establecido para a presentación de solicitudes, e que teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Quinto.- Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 24/330.3260.489.09 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cen mil (100.000,00) euros, e a súa concesión estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Serán obxecto de subvención os seguintes gastos correntes e de persoal necesarios no desenvolvemento das súas actividades docentes para o funcionamento das escolas de música durante o ano 2024:

- Gastos de persoal (soldos, salarios, Seguridade Social ou mutualidades e IRPF).
- Material de oficina consumible (bolígrafos, lapis, folios, gomas etc.).
- Subministracións (electricidade, auga, teléfono ou internet).
- Reparación e conservación do local (limpeza, mantemento do ascensor ou da fotocopiadora).
- Reparación de instrumentos.
- Primas de seguros.



- Servizos profesionais (asesoría, xestoría).
- Prevención de riscos ou recoñecemento médico.

Sexto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décima da proposta de bases reguladoras.

Sétimo.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de 18 de xullo de 2024.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 11 de marzo de 1993, regúlanse as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, e salientase a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. No seu punto 12 clasifícanse as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases para a concesión de axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2024 e que figuran co CSV: U8XN5NT7BQKHO2PU.

3.34076.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO PROGRAMA “OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS PARÍS 2024”.  
(Expte.2024024472)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente.

Terceiro.- En data 22/07/2024 emítese informe xustificativo das bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “Olímpicos e paralímpicos París 2024”.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 22/07/2024 as Bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “Olímpicos e paralímpicos París 2024”

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva ; en ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nas bases.

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.



Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 125.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3410.481.02 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “*Oímpicos e paralímpicos París 2024*” e que figuran con seguinte CSV: QSTKQCVLDKMOYC94

4.34077.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O RECOÑECIMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN E DEPO DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO ANO 2024 E DA CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AS E OS DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA DEVANDITA CATEGORÍA PARA O ANO 2024. (Expte.2024024466)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente para a tramitación das bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024.

Terceiro.- En data 09/07/2024 emítese informe xustificativo das bases reguladores para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024.



Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 17/07/2024 as bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva , en base aos tipos de axudas que se establece nas bases; en ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nas bases.

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 275.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3400.481.01 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024 e que figuran con seguinte CSV: 98T4GEKI9JSF9EPL





5.34078.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA O PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS. (Expte.2024047440)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo do 2024 aprobou o programa denominado “+Emprega” (acordo nº 8.34000), e está composto, entre outros, polo proxecto “+Emprega nos concellos”.

A Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, elabora as bases reguladoras, en réxime de concorrncia non competitiva, para o proxecto “+Emprega nos concellos” para financiar contratos formativos, no marco do programa “+Emprega”.

O 8 de xullo do 2024, a vicepresidenta segunda inicia o expediente para a tramitación das citadas bases reguladoras e convocatoria, e o 9 de xullo de 2024 o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emite informe sobre a necesidade da súa aprobación no marco do citado programa así como as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta.

O 17 de xullo de 2024, Intervención informa favorablemente o expediente e informa que a aplicación proposta nas Bases, 24/240.2410.489.00, considérase correcta e na mesma existe crédito polo importe máximo de 537.600,00 € os que ascendería a cantidade máxima para as 128 contratacións previstas durante tres meses do ano 2024 (dende o 1 de outubro), quedando retido mediante documento R.C. núm. 202400156076.

O importe dos nove meses restantes, 1.612.800,00 €, imputarase á aplicación correspondente do orzamento de 2025, que será, no seu caso, 25/240.2410.489.00, debendo quedar condicionado o gasto á existencia de crédito en dito exercicio orzamentario.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

### 1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado.

## 2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente informe do xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se indica, por un lado, a necesidade de aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “+Emprega nos concellos” para financiar contratos formativos, no marco do programa “+Emprega” e, por outro lado, se indican as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta. Tamén consta no expediente informe de Intervención no que se sinala que existe crédito suficiente para a anualidade 2024, tres meses (dende o 1 de outubro), por importe máximo de 537.600,00€, na aplicación 24/240.2410.489.00. O importe dos nove meses restantes, 1.612.800,00 €, imputarase á aplicación correspondente do orzamento de 2025, que será, no seu caso, 25/240.2410.489.00, debendo quedar condicionado o gasto á existencia de crédito en dito exercicio orzamentario.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar e publicar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “+Emprega nos concellos” para financiar contratos formativos, no marco do programa “+Emprega” que figuran no expediente co Código seguro de verificación (CSV): LX9JLNBZQKOZVET9.



6.34079.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (9ª MOBILIDADE).  
(Expte.2023003512)

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.



Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Con todo, ao cabo de 12 meses solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 6 de xuño de 2024 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio de 2025.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materias xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, os participantes distribuíranse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 14 participantes, iniciou a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa.
- A segunda quenda comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira quenda comprende un total de 17 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A cuarta quenda, que comprende a 2 docentes, iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.
- A quinta quenda comprende a 1 docente que iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.



- A sexta quenda comprende a 1 docente e 3 estudantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- A sétima quenda comprende a 8 participantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño de 2024 con destino Croacia, Francia, Italia, Malta e Portugal.
- A oitava quenda comprende a 2 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo de 2024 con destino Italia.
- A novena quenda comprende a 46 alumnos e alumnas e 1 docente que iniciarán a mobilidade en setembro de 2024 con destino Francia, Holanda, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de participantes (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en outubro do 2024.

Con data 26 de outubro de 2023 celebrouse unha reunión cos centros do proxecto Erasmus+ 2023 na que se realizou a asignación por sorteo das mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes co seguinte resultado:

Centros seleccionados:

1.-Instituto Galego de Formación en Acuicultura; 2.-CPR Daniel Castelao - Cebem Formación Profesional; 3.-IES Francisco Asorey; 4.-Ies Salvaterra de Miño; 5.-Colegio San Fermín de PP. Somascos; 6.-IES Ricardo Mella; 7.- Centro de Artes Plásticas y Diseño Atlántico; 8.-Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico;9.- IES de Chapela; 10.-E.F.A A Cancela.

En Lista de Agarda:

11.-IES Pedro Floriani; 13.-IES Plurilingue A Paralaia; 14.-IES A Guía; 15.-CFEA Lourizán 16.-IES Plurilingue Pintor Colmeiro; 17.- IES Ramón María Aller Ulloa; 18.-IES da Cañiza; 19.-IES Luis Seoane;20.-CIFO Montecelo;21.-IES Indalecio Pérez Tizón.

Os centros Colegio San Fermín de PP. Somascos e E.F.A A Cancela renuncian posteriormente a mobilidades de aprendizaxe por observación asignadas pasando as prazas ao primeiro e segundo centro en lista de agarda: IES Pedro Floriani e IES Plurilingue A Paralaia.

A duración das mobilidades de docentes e de persoal será mínimo de 2 días consecutivos e non poderá ser superior a 60 días.

A duración das mobilidades de recién titulados non poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpre 12 meses a contar dende a finalización dos estudos daranse por concluídas en tal data.



A data de inicio do período de mobilidade será o primeiro día no que o participante teña que estar presente na organización de acollida. A data de finalización será o último día no que o participante teña que estar na organización de acollida. Engádesse 1 día para a viaxe antes do primeiro día da actividade e 1 día para a viaxe de volta tras a finalización do período de mobilidade que se inclúe no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante, equivalente ao 90% no caso dos recen titulados e do 100% no caso dos docentes e persoal, do importe especificado na cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Con data 22 de xullo de 2024 emitíuse informe para a adxudicación das bolsas de mobilidade aos participantes no proxecto Erasmus+ 2023 (9ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Con data 22 de xullo de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e docente que participan neste proxecto Erasmus+ 2023 (9ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 462.520,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



## NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e docente que participan neste proxecto Erasmus+ 2023 (9ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 9ª mobilidade con destino Francia, Holanda, Irlanda, Italia, Malta e Portugal a contía ascende a 462.520,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Dito anexo é como segue:

Cód. expediente	Nome Completo	DNI / NIE	CENTRO	DESTINO	DATA INICIO MOBILIDADE (incluida viaxe)	DATA FIN MOBILIDADE (incluida viaxe)	DÍAS	Axuda de Viaxe	Axuda individual	BECA TOTAL MOBILIDADE
2024048755	ALBERTO LEBON LOPEZ (DOCENTE)	***8231**	IES RICARDO MELLA	HOLANDA	06/10/2024	12/10/2024	7	275,00 €	728,00 €	1.003,00 €
2024043611	ANA SUAREZ LLANOS NOGUEIRA	***1970**	CIFP A XUNQUEIRA	MALTA	01/09/2024	21/12/2024	112	360,00 €	5.432,00 €	5.792,00 €
2024048760	ANGEL CAEIRO NIETO	***5109**	CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN-PPSOMASCOS	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024043620	ANTONIO FLORENCIO VILLALOBOS	***5092**	DISEÑO ATLANTICO	FRANCIA	14/09/2024	31/05/2025	260	275,00 €	10.638,00 €	10.913,00 €
2024045414	ANXO NIETO PAZOS	***7521**	IES A GUIA	MALTA	01/09/2024	31/05/2025	273	360,00 €	11.158,00 €	11.518,00 €
2024043627	CLAUDIA MARTINEZ PIÑEIRO	***2009**	DANIEL CASTELAO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024045420	DAVID SANTIAGO AROSA	***6452**	CIFP MONTECELO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024047855	DAYANA PÉREZ MARCIAL	***4239**	IES VILALONGA	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024043638	DESIREE CARDOSO GONZALEZ	***6575**	CIFP MONTECELO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024043692	DIANA NAPOLES TAPIA	***7057**	DISEÑO ATLANTICO	FRANCIA	14/09/2024	31/05/2025	260	275,00 €	10.638,00 €	10.913,00 €
2024043736	EDUARDO EZEQUIEL ROA RIVEROS	***1335**	IES LAXEIRO	IRLANDA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	12.838,00 €	13.113,00 €
2024043742	ELOY RÍOS CHAPELA	***1657**	IES PLURILINGÜE PARALAIA	HOLANDA	01/09/2024	18/12/2024	109	275,00 €	4.598,00 €	4.873,00 €
2024043746	ERICK ODIN PESQUEIRA ESTEVEZ	***7956**	IES LUIS SEOANE	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024043802	ESTELA LORENZO FERNANDEZ	***8068**	IES LUIS SEOANE	ITALIA	01/09/2024	01/12/2024	92	360,00 €	3.918,00 €	4.278,00 €
2024043809	FLAVIO ANGEL QUIROZ LEON	***4435**	IES LUIS SEOANE	PORTUGAL	01/09/2024	01/03/2025	182	180,00 €	7.518,00 €	7.698,00 €
2024043814	GABRIEL SANCHEZ DIAZ	***0599**	IES LAXEIRO	IRLANDA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	12.838,00 €	13.113,00 €
2024043821	HARTIZ IGLESIAS CAMPOS	***9256**	CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024043833	IAN WERNINK PORTAS	***4252**	IES FRANCISCO ASOREY	MALTA	29/09/2024	01/04/2025	185	360,00 €	7.638,00 €	7.998,00 €
2024048752	ISOLINA PAOLA MOLINA MOSQUERA	***2181**	CIFP XUNQUEIRA	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024043843	IXCHEL LEDESMA GUADARRAMA	***3994**	DISEÑO ATLANTICO	PORTUGAL	14/09/2024	31/05/2025	260	180,00 €	10.638,00 €	10.818,00 €
2024047441	JORGE DOCAL BREA	***4537**	IES LUIS SEOANE	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024047453	JOSÉ DAVID AGUIRRE DUQUE	***8010**	CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN-PPSOMASCOS	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €





Cód. expediente	Nome Completo	DNI / NIE	CENTRO	DESTINO	DATA INICIO MOBILIDADE (incluida viaxe)	DATA FIN MOBILIDADE (incluida viaxe)	DÍAS	Axuda de Viaxe	Axuda individual	BECA TOTAL MOBILIDADE
2024049122	JULIO MARTÍNEZ ARNALDOS	***9418**	IES RIBEIRA DO LOURO	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024043846	LAURA POUSADA ARGOTE	***9544**	CIFP MONTECELO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024045537	LUCIA OSORIO PINTOS	***9247**	IES A GUIA	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024044025	MADELINE DE JESUS SOLIS BARRERA	***8795**	DISEÑO ATLANTICO	FRANCIA	14/09/2024	31/05/2025	260	275,00 €	10.638,00 €	10.913,00 €
2024045766	MARÍA ROSA DOS SANTOS	***8900**	DISEÑO ATLANTICO	PORTUGAL	14/09/2024	31/05/2025	260	180,00 €	10.638,00 €	10.818,00 €
2024049697	MARIA CAMILA CHAGUENDO PIEDRAHITA	***1518**	DANIEL CASTELAO	IRLANDA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	12.838,00 €	13.113,00 €
2024044018	MARIA MADELEN RAMOS PINEDA	***8964**	DISEÑO ATLANTICO	FRANCIA	14/09/2024	31/05/2025	260	275,00 €	10.638,00 €	10.913,00 €
2024044032	MOHAMED ENNAJI AAKIL	***2271**	IES LUIS SEOANE	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	360,00 €	11.158,00 €	11.518,00 €
2024044057	MYRIAM AYLEN MAIDANA WALTER	***6044**	CIFP MONTECELO	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024048353	NARCIZA EULALIA CEVALLOS AREVALO	***4305**	CIFP XUNQUEIRA	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024045465	NATALIA NINE FERNANDEZ	***9944**	IES COTARELO VALEDOR	HOLANDA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024044100	NAYRA SIMOES GONZALEZ	***7467**	IES CHAPELA	ITALIA	29/09/2024	01/02/2025	126	360,00 €	5.278,00 €	5.638,00 €
2024044104	NEREA DIAZ FREITAS	***7861**	IES LUIS SEOANE	ITALIA	01/09/2024	01/12/2024	92	360,00 €	3.918,00 €	4.278,00 €
2024044103	NEREA FERNANDEZ MERCHAN	***8368**	IES CHAPELA	ITALIA	29/09/2024	01/02/2025	126	360,00 €	5.278,00 €	5.638,00 €
2024044111	NICOLAS FANDIÑO MORAIS	***3350**	IES LUIS SEOANE	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024044119	NOA FERNANDEZ SALGADO	***1358**	IES CHAPELA	ITALIA	29/09/2024	01/02/2025	126	360,00 €	5.278,00 €	5.638,00 €
2024044122	NOELIA DEL VALLE QUIÑONES	***5077**	CIFP MONTECELO	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024045549	PABLO FERNANDEZ CASTRO	***8328**	CIFP A GRANXA	IRLANDA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	12.838,00 €	13.113,00 €
2024044005	PABLO LOSADA ALONSO	***3332**	DANIEL CASTELAO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024044126	REBECA MARIA DOMINGUEZ SOTO	***1350**	CIFP MONTECELO	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
2024049027	ROI RODRÍGUEZ PARADA	***6352**	IES TERRA DE TURONIO	ITALIA	29/09/2024	31/05/2025	245	275,00 €	10.038,00 €	10.313,00 €
2024049527	UNAI FANDIÑO DA SILVA	***1748**	INDALECIO PEREZ TIZON	ITALIA	01/09/2024	01/03/2025	182	275,00 €	7.518,00 €	7.793,00 €
2024044039	UXIA CASTRO LOPEZ	***4415**	CIFP MONTECELO	ITALIA	01/09/2024	31/05/2025	273	275,00 €	11.158,00 €	11.433,00 €
2024044093	UXIA CORREA FERNANDEZ	***9588**	IES CHAPELA	ITALIA	29/09/2024	01/02/2025	126	360,00 €	5.278,00 €	5.638,00 €
2024047499	VICTOR FRAGA MARTINEZ	***9425**	CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN-PP.SOMASCOS	PORTUGAL	01/09/2024	31/05/2025	273	180,00 €	11.158,00 €	11.338,00 €
										<b>TOTAL 9ª MOBILIDADE</b>
										<b>462.520,00 €</b>



7.34080.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PARA O ANO 2024. (Expte. 2024002979)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 19 de abril de 2024, aprobou entre outros asuntos, as Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 (BOPPO núm. 82 de 26 de abril de 2024).

Esta convocatoria ten por obxecto regular e conceder axudas económicas ás actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrncia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrncia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

De acordo coa base cuarta da convocatoria, as concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000) euros.

A axuda para realizar de actividades de dinamización da lingua dirixidas aos concellos non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para levalas a cabo.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Recibidas un total de 36 solicitudes, o concello de Vilaboa presenta dúas, polo que se desestima o expediente 2024030133, e revísanse a totalidade dos 35 expedientes, e constátase que compren as bases novena e décima das bases reguladoras destas axudas, achegando toda a documentación necesaria para cumprimentar a solicitude.



Con data 20 de xuño de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe para fiscalización previa das 35 solicitudes recibidas en prazo para o programa indicado, con CSV: I6P8ZBARWA4LVJHL, en virtude do disposto na base décimo cuarta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 anteriormente citadas.

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítase pola área de Intervención con data 17 de xullo de 2024, informe favorable (CSV: Z3ZI8PD5QUL51WHG) sobre existencia de consignación, por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, sometese á aprobación a proposta de concesión de bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: Z6VFHWNHLB76C6AF.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.



## RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.” No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.”

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a proposta de concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: Z6VFHWNHLB76C6AF.



8.34081.- APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.  
(Expte.2024043743)

#### ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez, para mellorar a calidade do servizo en materia de eficiencia enerxética e redución das emisións de CO2 no municipio. Esta actuación prevé un reforzo da iluminación en pasos de peóns e nos espazos e vías peonís do Concello, mellorando a seguridade peonil do municipio, coa finalidade de crear un espazo público máis seguro e cunha mobilidade máis amable.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo as “*Obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez*” e así, en data 12/04/2024 e núm de rexistro WEB2024024537, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio, remitindo escrito de rectificación en relación cos prazos de execución e xustificación a considerar na tramitación do convenio en data 28/06/2024 mediante rexistro WEB2024043100. Asemade, segundo o proxecto de execución do referido investimento a estimación económica para a súa execución será de 1.396.662,33 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación, coa achega de 1.396.662,33 € no exercicio 2024.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 01/07/2024 (CSV:U58452MGKA6EVD2Z); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 10/07/2024 (CSV:PEO7KIH6X6M8O5DV) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 16/07/2024 (CSV:O7OAI FARZZ9J2G1A) manifestando a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2024/942.9420.762.14 do orzamento provincial. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobranse para conceder outra subvención ao Concello.
- En data 19/07/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo as “OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

### Consideracións Xurídicas:

#### Competencia:

- Artigo 25.2 d) e b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LRBRL) atribúese ás Administracións municipais competencia en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. En concordancia co anterior, a LALGA ó regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.



- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

## CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.

## RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez*”.
- O texto do convenio figura co CSV: WN3Z52UCBRBLO5L5.
- No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.
- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.





9.34082.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO REFUNDIDO DAS UNIDADES DE OBRAS PENDENTES DE EXECUTAR DO INVESTIMENTO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO. TRAMO O PAZO-SANTA MARÍA”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022). (Expte.2022009473)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.
- En data 01/04/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 5.31531, concedeuse ao Concello de Caldas de Reis, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 200.896,87 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación da rede de saneamento. Tramo O Pazo-Santa María*” (Expte.:2022009473), cun orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente informe do técnico municipal, de data 23/12/2022, no que expón a necesidade de redactar un proxecto modificado posto que durante a execución das obras déronse unha serie de circunstancias non previstas no proxecto. Non obstante, a empresa adxudicataria non acepta a modificación do contrato polo que mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 12/06/2023, procedese a resolución do contrato.
- A entidade municipal presenta a documentación xustificativa correspondente as unidades de obra executadas do investimento mencionado ut supra e procedese ao libramento de 40.815,11 €.
- En data 26/06/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024042426, instancia do Concello de Caldas de Reis na que presenta o proxecto refundido das unidades non executadas do investimento mencionado anteriormente por importe de 160.081,75 €.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

##### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)



- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deben presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación de data 01/07/2024, da xefa de servizo de Cooperación de data 08/07/2024 e da intervención provincial de data 16/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto refundido das unidades de obra pendentes de executar do investimento do *Concello de Caldas de Reis “Ampliación da rede de saneamento. Tramo O Pazo-Santa María”* (Expte.:2022009473), incluído no Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022).
- O proxecto refundido supón a minoración do orzamento e da subvención concedida inicialmente en 0,01 €, sendo o novo importe 200.896,86 € (40.815,11 € de unidades de obra executadas no proxecto inicial e 160.081,75 € de unidades de obra pendentes de executar).
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.34083.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO--A GARRIDA, NA CONTORNADA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+340 (CONCELLO DE VIGO)”. (Expte. 2022062300)

Resultando.- Que por Resolución número 2023002343 de data 21/03/2023 adxudicouse empresa NAROM, SL (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” por un importe de 221.113,57 €, e un prazo de execución de CINCO (5) MESES.

Resultando.- Que con data 09/05/2023 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 09/10/2023.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023008083 de data 27/10/2023 concedeuse á empresa NAROM, SL, unha ampliación do prazo de execución de CORENTA E CINCO (45) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/11/2023.



Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023009538 de data 14/12/2023 concedese á empresa NAROM, SL unha nova ampliación do prazo de execución de SESENTA (60) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 22/01/2024.

*Resultando.-* Que consta no expediente informe do director de obra (CSV: OHLHD5U79HU0ZQGZ) de data 12/03/2024 no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el, toda vez que ven derivada por causas meteorolóxicas e polo esgotamento na canteira do afloramento da pedra da cor empregada na obra para que sexa homoxénea por motivos estéticos e patrimoniais, sendo restablecido o subministro o 6 de marzo de 2024. Así mesmo, fai constar que non se puido tramitar unha paralización ou prórroga do contrato por estar o prazo vencido dende o 22/01//2024.

Resultando.- Que se incorporou ao expediente o informe do director da obra relativo a xustificación desta (CSV: 6ZYC8OGLZ68IS13P) no que se contempla que os controis de calidade foron executados ao longo da obra seguindo os ritmos desta e atopándose na actualidade todos realizados, así como terminando por executar de forma correcta a totalidade da obra.

Resultando.- Que o día 03/05/2024 recibíuse a obra, constando no expediente a Acta de recepción favorable con observacións.

*Resultando.-* Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, este devólvea informada en data 18 de xullo do 2024, concluíndo que “*dado que a certificación comprende unidades de obra executadas fóra do prazo fixado para elo sen que o mesmo fose ampliado, ou se fixase un novo prazo final para a terminación da obra, a aprobación da certificación debe realizarse polo procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”. Así mesmo, fai constar as seguintes observacións e recomendacións:

*“De conformidade co disposto no artigo 166 do RXLCAP (Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro), recibidas as obras procederase seguidamente á súa medición xeral, formulándose polo director da obra a medición das realmente executadas no prazo dun mes desde a recepción. Redactada nese prazo a correspondente relación valorada, dentro dos dez (10) días seguintes será expedida e tramitada a certificación final. Dada a data de expedición da presente certificación incúmprense ditos prazos.*

*Por outra banda, convén sinalar que, o prazo establecido pola la LCSP (Lei 9/2017 de 8 de novembro) para a aprobación da certificación final das obras é de tres (3) meses contados a partir da recepción (art. 243).*

*En aras dunha maior transparencia na xestión o convenio de colaboración debería publicarse no BOPPO”.*



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ao Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación FINAL da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación Núm.	Importe
NAROM, SL (NIF B36163418)	24/456-4530- 612.02.2022	FINAL	9.546,95 €
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)			265,21 €
Control de calidade (3% PEM licit.)			210,13 €
Total descontos			475,34 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR			9.071,61 €

11.34084.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA”. (Expte.2022049711)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”, por un importe de 379.285,17 €, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 07/07/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/01/2024.

Resultando.- Que con data 16/10/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre OCHENTA E TRES (83) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que as condicións meteorolóxicas existentes e a previsión de choivas para os vindeiros días impiden realizar os traballos seguintes que hai que executar na obra, sendo a porcentaxe de obra executada do 11,13%.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/11/2023 acordou autorizar suspensión total da execución do contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”, con efectos dende o 16/10/2023.



Resultando.- Que con data 20/05/2024, SETE MESES despois da firma da acta de paralización, formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 11/08/2024.

Resultando.- Que con data 03/07/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX\_WEB2024044471), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, debido por unha banda a que tras o reinicio dos traballos foi necesario a reconstrución de traballos realizados previamente, e por outro o Concello de A Cañiza está acometendo traballos de instalación da rede de saneamento dentro do ámbito da actuación da obra, sendo o prazo estimado de execución destes traballos de DOUS MESES, polo que non se poden executar os traballos durante ese período.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP consta no expediente con CSV. 58DKVF1D7CM8PW4U, informe da responsable do contrato, no que se recolle o seguinte: “... Durante o tempo en que estivo paralizada, e dado que se trata dunha zona na que se acumula moita auga, a escorrentía levou parte da base executada previamente, polo que a empresa adxudicataria tivo que reparar os danos ocasionados pola choiva antes de proceder a botar o formigón que estaba previsto realizar xa antes da paralización. Por outra banda, autorizouse ao concello a execución da rede de saneamento na zona do treito antigo na que o proxecto contempla a execución dunha zona de convivencia. Pese a que se esperou a que o concello realizase parte dos traballos antes de reiniciar a obra, os traballos do concello seguían no momento do reinicio e minoraron a velocidade do avance das obras do proxecto nas primeiras semanas trala reactivación. O concello xa executou a canalización principal, pero ten pendente a execución de acometidas, que terán que realizarse en coordinación cos traballos da obra, o que minorará novamente a velocidade do avance dos traballos. Por todo isto, a Dirección de Obra considera que está suficientemente motivada a concesión dunha prórroga de 2 meses por causas non imputables ao contratista.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) OMY93LCAKF2Q8SWO no que se recolle o seguinte: “... *Vistos os antecedentes da execución desta obra, atopámonos que a mesma tivo suspendida a súa execución durante SETE (7) MESES, sendo unicamente xustificada na acta de paralización tal circunstancia, debido a que as condicións meteorolóxicas existentes e a previsión de choivas para os vindeiros días impedían realizar os traballos seguintes que había que executar na obra. Non parece dita motivación suficiente para manter unha obra paralizada durante SETE MESES, máis cando, segundo o artigo 245.c) da LCSP sería unha causa de resolución do contrato a suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración, tendo nese caso o contratista dereito por todos os conceptos a unha indemnización do 6% do prezo de adxudicación do contrato das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial. CONCLUSIÓN No referente á ampliación do prazo de execución, tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, e destacadamente do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución, polo tempo que duren as obras de saneamento que está a levar a cabo o Concello de A Cañiza, que se estiman en DOUS (2) MESES, sendo a nova data de finalización deste contrato o día 11/10/2024. No caso de que o prazo das obras realizadas polo Concello de A Cañiza fora finalmente inferior a dous meses, deberase reaxustar a data de finalización desta obra. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno...*”



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE SA (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE SA, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*", por un importe de 1.064,24 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: Y9LTPVG8QTXGCYFQ, no que se recolle que aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/38, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400157708.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras "*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*", establecendo coma data para finalizar a obra o día 11/10/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” (expte 2024050108), por un importe de 1.064,24 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ..... 879,54 €  
IVE (21 %) ..... 184,70 €  
Importe total ..... 1.064,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” con efectos dende o 12/08/2024.

Este contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/38.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024050108

12.34085.- APROBACIÓN TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 17/2024  
(Expte.2024049919)

A Deputación de Pontevedra conta no seu inventario de bens e dereitos con diversos edificios da súa propiedade entre os que se atopa o denominado “Edificio Administrativo” sito na Avenida de Montero Ríos da cidade de Pontevedra.

Resultando que a Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 6 de maio de 2022 acordou resolver o contrato formalizado coa empresa Aura Enerxía, S.L., para subministración de enerxía eléctrica en medio e baixa tensión nos distintos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra. A partir deste feito a subministración de electricidade pasou a realizala a empresa, Comercializadora Regulada Gas&Power, subministradora de último recurso, ata o mes de maio de 2024, data na que foi adxudicado o novo contrato e se deron de alta os distintos puntos de subministro coa empresa adxudicataria, Gas Natural Comercializadora, S.A.





Resultando que a través de escrito asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura con data 17/07/2024 e polo Xefe de Servizo da Novas Tecnoloxías con data 18/07/2024, no que poñen de manifesto que por causa dos elevados prezos da enerxía eléctrica incrementados polo recargo do 20% no período en que prestou o servizo a empresa de último recurso, Comercializadora Regulada Gas&Power, fan que o crédito existente na aplicación orzamentaria 24/920.9200.221.00 (Enerxía eléctrica) no sexa suficiente para facer fronte ao pagamento das facturas pendentes da subministración de enerxía eléctrica ao Edificio Administrativo ata o momento de dar de alta a subministración no novo contrato, motivo polo que consideran que é necesario efectuar unha transferencia de crédito por importe global de 70.000,00 € da aplicación 24/926.9260.227.23 que minoraría o seu crédito nese importe a aplicación 24/920.9200.221.00 que aumentaría o seu crédito na citada cantidade.

Resultando que a Intervención emite informe con data 20 de xullo de 2024, no que deixa constancia de que a proposta que efectúan a Xefa do Servizo do Servizo de Arquitectura e o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 70.000,00 €, no que figuran o conforme dos respectivos Deputados/as Delegados/as, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliación nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou , de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro da aplicación orzamentaria 24/926.9260.227.23 (Traballos realizados por outras empresas, mantemento equipos informáticos) (Novas Tecnoloxías) que minora o seu crédito, emitindo o documento de retención de crédito para transfeencias e baixas número de operación 202400157498, polo importe en que se minora, e dicir en 70.000,00 €.

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito pertencentes á mesma área de gasto pero xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.b).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 17/2024 por importe total de setenta mil euros (70.000,00 €), minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

APLICACIÓN QUE MINORA CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
24/926.9260.227.23	Traballos realizados por outras empresas, mantemento equipos informáticos (Novas Tecnoloxías)	70.000,00 €
	Total.....	70.000,00 €

APLICACIONES QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
24/920-9200-221.00	Enerxía Eléctrica (Servizo Central).	70.000,00 €
	Total.....	70.000,00 €

13.34086.- APROBACIÓN DO REAXUSTE DE FINANCIACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DAS VISITAS GUIADAS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREIRO. (Expte.2024002218)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 14 de xuño de 2024, adxudicou á empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954) a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areiro, conforme ao seguinte:

Prezo unitario ofertado por visita (máximo de 132 visitas):

Prezo unitario sen IVE: 190,00 €/visita  
IVE (21 %): 39,90 €/visita  
Prezo unitario co IVE: 229,90 €/visita

No mesmo acordo estableceuse que as obrigas derivadas do presente contrato fináncianse do seguinte xeito:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (7 meses)	24/413.4123.226.19	17.702,30 €
2025 (5 meses)	25/413.4123.226.19	12.644,50 €

Igualmente indicábase que: “(...) O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato (...)”



Tendo en conta que o contrato foi formalizado con data 12 de xullo de 2024, enténdese iniciado este ao día seguinte da sinatura.

Tendo en conta o informe da xefa do servizo da Estación Fitopatolóxica de Areiro (CSV: EUO8PXESFJM7QYLL), de data 15 de xullo de 2024, no que solicita un reaxuste do financiamento do contrato de servizo das “Visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areiro”, por non estar axustado este a data da efectiva formalización do contrato.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención de data 18/07/2024 e con CSV: GV1XLF536I45MK7T.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a financiación do contrato de servizo das “*Visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areiro*” de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (5 meses e 19 días)	24/413.4123.226.19	14.300,41 €
2025 (6 meses e 12 días)	25/413.4123.226.19	16.046,39 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.



14.34087.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA DE EMERXENCIA PARA CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-4005 AREAS-ALXÉN-CABREIRA, P.Q. 9+450 (MARXE DEREITA) NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, POLO PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN DO GASTO. (Expte.2024023015)

Por Resolución Presidencial núm. 2024002860 en data 10 de abril do 2024, modificada pola resolución presidencial núm. 2024002882, resolveu adxudicar a empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, SL (NIF B27783463) o procedemento de emerxencia da obra “Construcción de muro de contención na EP 4005 Areas-Alxén-Cabreira, na marxe dereita do PQ 9+450 (Concello de Salvaterra de Miño)”, por un importe de 50.000,00 €, IVE incluído, estimándose un prazo de execución de DUN (1) MES.

No Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, deuse conta da resolución citada no parágrafo anterior, declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra citada.

En data 22 de maio do 2024 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración (WEB2024036970) a Certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia polo período comprendido entre o 10 de abril e o 10 de maio do 2024, por importe de 94.987,20 €.

A directora da obra, en data 25 de xuño do 2024, emite un informe-memoria explicativa da obra, modificado mediante dilixencia de emenda considerando xustificada esta e informando favorablemente a súa tramitación e o pago da certificación emitida. Neste informe fai constar o seguinte:

*“Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no terraplén e no firme da estrada ata que se comezasen os traballos de escavación.*

*Previo ao inicio dos traballos de desmonte procedeuse a sinalizar a zona afectada polo risco de derrube e ó desvío de tráfico afastando este da beira da plataforma para poder realizar as obras de escavación na cimentación e contención coa seguridade precisa mentres se mantiña o tráfico regulado por semáforos. Logo, procedeuse ó saneo e escavación localizada do talude e executouse o muro de contención para asegurar a estabilidade do treito de estrada. Para estas unidades de obra empregáronse os prezos unitarios que habitualmente se utilizan nesta Administración para este tipo de obras.*

*As unidades de obra executadas teñen carácter de emerxencia e forman parte da reconstrución da estrada nos tramo deteriorado, sendo necesaria a súa execución para poder deixar a estrada nas condicións adecuadas e con plenas garantías de seguridade para ser entregada ó uso público.*

*Todo elo valorado segundo os prezos usuais para este tipo de obras, ascende á cantidade de 65.967,91 € (P.E.M.), que unha vez incrementado no 13% de gastos xerais, no 6% de beneficio industrial e no 21% de IVE, supón un importe total de certificación de 94.987,20 euros.*



*Á vista do anteriormente exposto, esta dirección facultativa considera xustificada a obra realizada e informa favorablemente a tramitación e o pago da presente certificación”.*

Con data 28 de xuño do 2024 recíbese a obra e esténdese acta de recepción favorable con observacións e solicítase ao Servizo de Intervención a fiscalización da certificación emitida.

En data 19 de xuño do 2024, o Servizo de Intervención informa que “*dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno*”. Así mesmo fai constar as seguintes observacións no seu informe:

“O importe da presente certificación ascende a un total de 94.987,20 € (IVE incluído), o que supón un incremento respecto do importe total do gasto autorizado para este contrato de 44.987,20 €. Resultando un aumento dun 89,9744 %, sen que conste, ademais, informe técnico xustificativo do mesmo.

A certificación expídese con data 3 de xuño de 2024 e comprende a obra executada no período comprendido entre o 10 de abril de 2024 e o 10 de maio de 2024, data da súa finalización. Debe terse en conta que segundo o disposto no artigo 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a expedición das certificacións debe realizarse mensualmente e nos primeiros dez (10) días seguintes ao mes que correspondan.

Respecto da comprobación material do investimento, consta na acta de recepción a seguinte observación por parte do representante da Intervención: «Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento algún».

A pesar da dificultade o imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia, xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse, como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado.

As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos”.



Polo exposto, tendo en conta os defectos sinalados, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno.”

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2022, concretamente na base 17.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Aprobar a certificación núm. 1 (única), autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita a continuación e co seguinte detalle:

EMPRESA: CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO SL (B27783463)	Aplicación orzamentaria24/456.4530.612.01	Importe
		94.987,20 €
Descontos: Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)		2.638,72 €
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		92.348,48 €

15.34088.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN E OBRA CIVIL ASOCIADA PARA DOTAR A DIFERENTES CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E DO PLAN NACIONAL INTEGRADO DE ENERXÍA E CLIMA 2021-2030 (PROGRAMA MOVES III) FINANCIADO POLA U.E. DEN DOS FONDOS NEXT-GENERATIONEU. (Expte.2023044745)

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 26 de abril de 2024 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 30-04-2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra



(Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/05/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. O proxecto consta de 8 actuacións que son as seguintes:

Nº	Actuación	Orzamento base licitación (IVE excluído)	Importe IVE (21%)	Total
1	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)”	47.600,00 €	9.996,00 €	57.596,00 €
2	Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao edificio Castelao “Museo de Pontevedra” dun punto simple de recarga de 22 kw.	8.687,00 €	1.824,27 €	10.511,27 €
3	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”	29.134,97 €	6.118,34 €	35.253,31 €
4	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”	24.935,99 €	5.236,56 €	30.172,55 €
5	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excma. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)”	106.365,56 €	22.336,77 €	128.702,33 €
6	Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Castelo de Soutomaior de dous puntos de recarga dobre de 44 kW cada un	26.719,38 €	5.611,07 €	32.330,45 €
7	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”	19.029,30 €	3.996,15 €	23.025,45 €
8	“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)”	10.591,00 €	2.224,11 €	12.815,11 €



A Mesa de Contratación na reunión do día 06/06/2024 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)
- Imesapi SA (CIF A-28.010.478)
- Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905)
- Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143)
- Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- Sociedad española construcciones eléctricas R SA (CIF A-08001182)
- Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- Ecogal energías renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

Asimesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 27/06/2024 en base o informe de valoración emitido con data 24/06/2024 polo Enxeñeiro do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez Nieves e a Xefa do Servizo de cooperación con (CSV) X2AE48DCA0GKBCN2 acorda prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas.

A continuación, a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres C, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (20,00 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas sendo os valores ofertados os que constan no certificado da mesa con CSV ((VLZLZJ78DJGYRAJF).

Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (8MFYRLXV8E15IXTG) son as seguintes:

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
Iberdrola clientes SAU	21,50	53,895	75,395
Imesapi SA	34,00	45,401	79,401
Wenea Urban SLU	26,50	60	86,50
Sociedad española construcciones eléctricas SA	30,50	39,513	70,013
Energea consulting y asesores SL	32,00	54,149	86,149
Ecogal energías renovables autoconsumo y eficiencia energética SL	30,50	59,605	90,105





A Mesa de contratación en reunión celebrada o día 04/07/2024 acordou aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Empresas	Clasificación	Puntuación total
Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL	1ª	90,105
Wenea Urban SLU	2ª	86,50
Energea consulting y asesores SL	3ª	86,149
Imesapi SA	4ª	79,401
Iberdrola clientes SAU	5ª	75,395
Sociedad española construcciones eléctricas SA	6ª	70,013

E asimismo a vista do exposto acorda propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do contrato a empresa Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 05/07/2024, comproba que a empresa Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4747, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Mediante Resolución Presidencial número 2024005774 de 10/07/2024 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 04/07/2024 (CSV: KGLFDYC9MGCW1T0H), de adjudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27.371.806) e requerirlle a dita empresa que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27.371.806) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB20240047534), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 10.509,96 €.



Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A exclusión das ofertas presentadas polas empresas *Electricidad Hermanos Requejo SL* (CIF B-36.164.143) e *Félix y Viñas SL* (CIF B-36.016.905) ao non acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas (20,00 puntos).

2.- A adxudicación do contrato de subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU a empresa *Ecogal energías renovables autoconsumo y eficiencia energética SL* (CIF B-27.371.806) conforme ao seguinte detalle:

Prezo ofertado sen IVE .....	210.199,15 €
IVE ( 21%) .....	44.141,82 €
Prezo total .....	254.340,97 €

O prazo de execución do contrato será de 4 meses contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.



Financiación:

O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polo INEGA con cargo a fondos PRTR de acordo coa seguinte distribución:

INEGA (Fondos PRTR)	Deputación de Pontevedra
80 % ( <i>Viveiro empresas Barro e Parque de Maquinaria de Barro</i> )	20 % ( <i>Viveiro empresas Barro e Parque de Maquinaria de Barro</i> )
70 % ( <i>resto actuacións</i> )	30 % ( <i>resto actuacións</i> )

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Centro	Importe total (IVE engadido)	Aplicación orzamentaria
Centro Príncipe Felipe	44.336,37 €	24/232-4250-623.02.2023
Museo de Pontevedra	8.091,39 €	24/333.4250.623.02.2023
EFAreiro	27.137,37 €	24/413-4250-623.02.2023
Viveiro empresas Barro	23.226,28 €	24/942-4250-623.02.2023
Parque Maquinaria Barro	99.072,74 €	24/456-4250-623.02.2023
Castelo de Soutomaior	24.887,40 €	24/433.4250.623.02.2023
Finca Mouriscade	17.724,59 €	24/410-4250-623.02.2023
Viveiro empresas Lalín	9.864,84 €	24/942-4250-623.02.2023
Total	254.340,97 €	

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de expte e lote	20230044745		
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

16.34089.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA+ BENESTAR 2024. (Expte.2023045216)

1º.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024, acordou a aprobación das “*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA + BENESTAR 2024*”.

2º.- O expediente de contratación mediante procedemento aberto para a xestión, desenvolvemento e execución do programa, está en fase tramitación e estímase que ata o mes de agosto non se formalizará o contrato, polo que a convocatoria e a adxudicación de prazas publicaranse con retraso respecto a temporalización inicial prevista.

Como consecuencia do anterior, non se poderá garantir que a execución do programa (prevista como máximo ata o 31 de decembro de 2024) e que require a organización de máis de 2.000 aloxamentos entre outubro, novembro e decembro de 2024 (soamente en períodos cualificados de temporada baixa), poida dar cobertura a todas as persoas con praza adxudicada.



Con tal motivo, e de maneira excepcional a execución do ampliarase ao primeiro trimestre do ano 2025, polo que se propón a modificación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA + BENESTAR 2024” no relativo ao prazo de vixencia como se sinala a continuación:

-Na base decimo oitava “Prazo de vixencia”.

Onde di: “As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2024”.

Debe dicir: “As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de marzo de 2025”.

3º.-Con data 09/07/2024 e 16/07/2024 Intervención e Secretaría emiten, respectivamente, a súa conformidade coa proposta de modificación das bases (CSV: IKURUWI89EBHBS50) e (CSV: GIAKWGYXDYK9EN5L).

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou as citadas bases, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación das bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2024.
- Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co (CSV): 8QZHJW70G8QSU830.

17.34090.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2024050376 E 2024050378)

A) Vista a relación de facturas con número 2024050376, que contén 2 facturas e por un importe de 7.757,30€, e con CSV: DXZLU73KB8U5A1XG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/07/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	7.757,30 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	7.757,30 €



B) Vista a relación de facturas con número 2024050378, que contén 5 facturas e por un importe de 1.467,97€ e con CSV: CFB3X68FTTU5ZTNR, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/07/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.439,14 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	28,83 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.467,97 €

**18.34091.-**      VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2024050373)

Vista a relación de facturas con número 2024050373, que contén 1 factura e por un importe de 1.246,30 € e con CSV: C9CXS2X7I0423KZU, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/07/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	1.246,30 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	1.246,30 €

**19.34092.-**      DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADAS POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE FORCAREI. (Expte. 2023075721)

Dada conta que con data de rexistro 16/12/2023 (rex. núm. WEB2023068716), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.<sup>a</sup> Miriam Olivares Díez en representación de Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, Sociedad Unipersonal, por danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da irrupción de cabalos na estrada provincial E.P. 7001 A Estrada-Cachafeiro, no Concello de Forcarei, o día 01/03/2023, e que cuantificou economicamente en 21.596,79 euros.



Resultando.- Que con data 15/02/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 03/05/2024, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada EP 7001 A Estrada-Forcarei é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, e de acordo co artigo 4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, este tipo de estradas non están valadas nos seus marxes, polo que neste tipo de estradas non é posible garantir o impedimento do paso de animais soltos.*
- b) *O vixiante do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra recibiu aviso dun accidente cun cabalo o día 1 de marzo de 2023 ás 20:32 horas. Ás 21:00 horas o capataz da brigada 9 recibiu aviso para atender a incidencia, posteriormente dirixiuse ó lugar do sinistro pero cando chegou a este, aproximadamente ás 21:30 horas e non atopando restos do accidente, dado que xa fora atendido pola Garda Civil. Ás 22:35 h o capataz notifica o fin da incidencia.*

*Na estrada EP 7001 A Estrada-Forcarei, entre o P.Q. 16+000 e o P.Q. 19+000, nos últimos 5 anos este Servizo ten constancia de outros 7 accidentes con animais salvaxes, ademais do aquí referido., nas datas e p.q. que se indican na seguinte táboa:*

Data	P.Q. da EP 7001 (estrada de 21 km)	Animal
06/01/2020	17+000	<b>Cabalo</b>
05/09/2021	16+000	Cabalo
26/09/2021	19+000	Cabalo
29/09/2021	16+000	Cabalo
03/02/2022	17+000	Raposo
24/08/2022	16+500	Raposo
01/03/2023	17+800	<b>Cabalo</b>
26/09/2023	18+000	Cabalo

- c) *Tal e como se indicou anteriormente, este Servizo non procedeu á limpeza da estrada porque cando chegou ó lugar, non quedaban restos do accidente.*



- d) Na estrada EP 7001 A Estrada-Forcarei, no P.Q. 20+600 hai un sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P-24) no sentido descendente dos P.Q., coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo accidentado cara A Estrada. Este sinal conta cun panel complementario no mesmo poste co texto “5 km”, distancia que abrangue a indicación de perigo indicada polo sinal, de conformidade co indicado na “norma 8.1.- I.C. sinalización vertical, da Instrución de Estradas”. O accidente produciuse no P.Q. 17+590, punto localizado no entorno dos 5 km dende o P.Q. 20+600, e por tanto na zona á que fai referencia o sinal P-24.

A maiores hai un sinal vertical P-23 de paso de animais domésticos no P.Q. 17+900 con panel complementario indicando 5 km, en sentido cara A Estrada. Non obstante no caso que nos ocupa, o sinal que advirte do perigo é o P-24, pois o accidente produciuse cun cabalo que cruzou a estrada sen ir acompañado do propietario, no caso de que o tivese.

Adicionalmente hai un sinal de velocidade máxima permitida de 80 km/h no P.Q. 18+500 en sentido cara a Estrada e de velocidade máxima aconsellable de 70 km/h e sucesión de curvas perigosas poucos metros despois e no mesmo sentido.



Sinais de velocidade máxima e de curvas perigosas no P.Q. 18+500 (sentido A Estrada)

- e) A estrada na zona onde se produciu o sinistro (P.Q. 17+590) discorre a media ladeira, estando por tanto o terreo da marxe esquerda no sentido cara o Concello de A Estrada, máis elevado e o terreo da marxe dereita máis baixo que a estrada. A visibilidade, tendo en conta as lóxicas limitacións cando os terreos lindantes son de tipo boscoso, é boa. A zona do sinistro é unha recta pero o trazado presenta curvas en puntos cercanos, tal e como advirte o sinal de curvas sinuosas do P.Q. 18+500.



Zona no entorno do accidente no P.Q. 17+590 (sentido A Estrada)





- f) *En canto a sinalización horizontal e ó balizamento da estrada, indicar que ten pintada liña de eixo e bordes e conta con sistemas de protección de vehículos no marxe en terraplén, coincidindo co sentido de circulación do vehículo accidentado. Tamén conta con sistemas de balizamento mediante bitos de arista verticais cada 50 metros, así como con captafaros retroreflectantes cada 25 metros no pavimento e cada 8 m na barreira metálica de seguridade. Tamén dispón de bandas sonoras formadas por resaltos de material termoplástico nas liñas de borde de calzada.*

*Por outra parte non existe iluminación con alumeadado público neste tipo de estradas da rede de titularidade provincial, o cal é lóxico dadas as súas características, ó tratarse de estradas convencionais que comunican núcleos de poboación entre si.*



*Detalle no que se aprecia o balizamento na zona do entorno do accidente (bitos de arista verticais, captafaros en pavimento, captafaros en bionda e bandas sonoras no borde de calzada), (sentido A Estrada).*

*César Paredes Rodríguez*  
*Enxeñeiro*

Resultando.- Que con data 01/03/2024 recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.<sup>a</sup> Miriam Olivares Díez en representación da Xunta de Galicia, por importe de 300 € e polos mesmos feitos e causa de pedir, sendo que ambas solicitudes se refiren ó mesmo sinistro, reclamando en nome da entidade aseguradora Bilbao Compañía de Seguros o importe desembolsado por esta en concepto de reparación dos danos e, en nome da Xunta de Galicia, o importe correspondente á franquía, sufragado por este como propietaria do vehículo accidentado.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024002654, de data 04/04/2024, e de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acumuláronse ambos procedementos ó gardaren identidade de razón por tratarse do mesmo sinistro, reclamando a entidade aseguradora Bilbao a contía desembolsada por esta (21.596,79 €) e o propietario do vehículo a parte sufragada correspondente á franquía (300 €).



Resultando.- Que con data 03/05/2024, e de conformidade co establecido no artigo 82 da lei 39/2015, abriuse o trámite de audiencia e vista do expediente, conferíndolle á interesada un prazo de dez días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimara pertinentes, recibíndose na data 14/05/2024, escrito de alegacións co seguinte contido:

*PRIMERA.- Acreditada la ocurrencia del accidente ocurrido el 1 de marzo de 2023, sobre las 20:00h, sufrido por el vehículo TOYOTA LAND CRUISER, matrícula 7700MCC, propiedad de la XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA y asegurado en mi mandante SEGUROS BILBAO, mediante Póliza nº 1-95-440173, que tuvo su causa, en la irrupción de varios caballos en la vía por la que circulaba, la EP-7001 (A Estrada – Cachafeiro).*

*SEGUNDO.- También constan acreditados los daños materiales sufridos por el citado vehículo TOYOTA, que ascendieron a la cantidad de 21.896,79 euros, según Informe Pericial unido al presente Expediente, de los cuales, mi mandante Seguros Bilbao abonó 21.596,79 euros y la propietaria del vehículo, los restantes 300 euros correspondientes a la franquicia, según póliza de seguro contratada, que consta igualmente aportada.*

*Por lo tanto, se ha justificando debidamente la legitimación de mis representadas en la presente reclamación, quienes reclaman en el presente procedimiento, el recobro de las cantidades abonadas respectivamente por cada una de ellas.*

*TERCERO.- RELACIÓN DE CAUSALIDAD ENTRE EL DAÑO PRODUCIDO Y EL FUNCIONAMIENTO DEL SERVICIO PÚBLICO*

*Tal como hemos argumentado en nuestro escrito de reclamación inicial, en la vía EP-7001 no hay iluminación, a pesar de que existe señalización P23de “Paso de animales domésticos” en el PK 17.9 que es donde ocurrió este accidente.*

*Se informa por el Servicio Técnico de esa Administración de lo siguiente:*

#### *1.- SINIESTRALIDAD*

*Que en los últimos cinco años eses Servicio tiene registrados 7 accidentes por animales salvajes, además del aquí reclamado.*

*Por lo tanto, no se han tenido en cuenta realmente el número real al que podrían ascender los accidentes por este motivo, dado que se ha hecho caso omiso a la solicitud de prueba Documental solicitada por esta parte.*

*Nos remitimos a nuestro escrito inicial de reclamación en el que, como prueba DOCUMENTAL se solicitaba lo siguiente:*

*A/ Que se solicite a la DGT de Pontevedra, Informe estadístico de accidentes en la EP-7001, Km 17.59 de los últimos cinco años, en donde conste la siniestralidad de accidentes de tráfico por presencia de animales y en 5km a la redonda.*

*B/ Que se oficie a la Guardia Civil Destacamento de Atestados de Lalín, a fin de que por quien corresponda remita a este expediente, la siguiente documentación:*



*B.4- Informe acerca de la siniestralidad a causa de la irrupción de animales en la calzada, en las inmediaciones de EP-7001, km 17.59, durante los últimos cinco años.*

*La afirmación parcial realizada por el Servicio Técnico en su Informe de que solo hay 7 accidentes, no es real y carece de valor probatorio, siendo necesaria la práctica de la Documental a) solicitada por esta parte.*

## **2.- SEÑALIZACIÓN**

*Se informa igualmente por el Servicio Técnico que en el PK 20.600 existe una señal P-24 de advertencia de peligro de animales, y por lo tanto, dentro del radio de los 5km, de donde ocurrió este accidente.*

*Esta afirmación entendemos que debe ser debidamente acreditada con Informe de la Guardia Civil, que además fue solicitado por esta parte como prueba documental:*

*B/ Que se oficie a la Guardia Civil Destacamento de Atestados de Lalín, a fin de que por quien corresponda remita a este expediente, la siguiente documentación:*

*B.3- Plano e Informe de la señalización e iluminación existente en la EP-7001, en el PK 17.59 y en 10 Km a la redonda.*

*La simple manifestación por parte del Servicio Técnico de esa Administración, no es prueba suficiente y deberá solicitarse la prueba documental solicitada por esta parte.*

*De no hacerse, la instrucción de este expediente administrativo es totalmente parcial por parte de esa Administración, trayendo al Expediente únicamente las pruebas de su conveniencia, con un claro fin, la inoperancia para el ciudadano de la tramitación de las reclamaciones patrimoniales previas.*

*Respecto a la señalización, admite esa Administración la ubicación de señalización de peligrosidad por animales, que solo tendría como justificación al “alta siniestralidad” por ese motivo, y por otro lado, argumenta la baja siniestralidad en esa vía. Es una clara contradicción.*

*Informa también ese Servicio Técnico que la vía cuenta con señalización horizontal y balizamiento, pero lo cierto es, que éstas son inoperantes en el caso como el que nos ocupa: irrupción en la calzada de caballos.*

*Cabría preguntar qué medidas deberían ser adoptadas por esa Administración para evitar estos accidentes, pues ni las señales horizontales, ni verticales, ni el balizamiento lo impiden, y es donde pasamos a analizar el siguiente punto: iluminación.*

## **3.- ILUMINACIÓN**

*Informa el Servicio Técnico que no tienen obligación de iluminar la vía, en torno al lugar del accidente, a pesar de la señalización de advertencia de animales (domésticos, P23 según la Guardia Civil) y la P-24 dentro del radio de 5 km.*



*Argumentan que se trata de una vía convencional que comunica núcleos de población entre sí y por ello no está iluminada.*

*Nos remitimos a la prueba documental solicitada por esta parte, pendiente de solicitarse a la DGT y a la guardia civil, relativa tanto a la señalización, como al índice de siniestralidad a causa de animales en la calzada, que acreditarían la necesidad de que por esa Administración debería iluminar suficientemente esta vía, a fin de proteger al usuario que circula por la misma, que es su obligación.*

*La propia Guardia Civil informa en el Atestado “vía insuficientemente iluminada”, lo cual ya es una advertencia clara de que el conductor está desprotegido y no puede percatarse, ni percibir, con suficiente antelación, la presencia de animales en las inmediaciones de la carretera y máxime si es noche cerrada como ocurrió en este accidente ( 1 d marzo, a las 20:00h).*

*En este caso entendemos que no procede derivar responsabilidad alguna al conductor del vehículo, pues la carretera no contaba con el más elemental medio de seguridad como es la iluminación, que tildan los Agentes de la Guardia Civil de “insuficiente”, lo cual impidió al conductor percatarse con suficiente antelación de la presencia de los caballos.*

*Por lo expuesto,*

*SOLICITO: Que se tenga por aportado el presente escrito de alegaciones y por cumplido el trámite de audiencia dentro del plazo concedido, interesando que se dicte resolución estimatoria favorable a mis representadas y practicándose, en todo caso, con carácter previo a la misma, la prueba documental solicitada por esta parte:*

#### *1.- DOCUMENTAL*

*A/ Que se solicite a la DGT de Pontevedra lo siguiente:*

- Informe estadístico de accidentes en la EP-7001, Km 17.59 de los últimos cinco años, en donde conste la siniestralidad de accidentes de tráfico por presencia de animales y en 5km a la redonda.*
- Si por parte de ese Organismo se ha adoptado alguna medida de prevención de siniestralidad, informando al titular de la EP-7001 de la necesidad de instalación de iluminación suficiente en las inmediaciones del PK 17.59 de dicha vía, dado que carece de la misma, a fin de mejorar la visibilidad de los conductores, y que puedan percatarse de la presencia de animales en las inmediaciones, con carácter previo a la irrupción de los mismos en la calzada.*

*B/ Que se oficie a la Guardia Civil Destacamento de Atestados de Lalín, a fin de que por quien corresponda remita a este expediente, la siguiente documentación:*

*B.3- Plano e Informe de la señalización e iluminación existente en la EP7001, en el PK 17.59 y en 10 Km a la redonda.*

*B.4- Informe acerca de la siniestralidad a causa de la irrupción de animales en la calzada, en las inmediaciones del EP-7001, km 17.59, durante los últimos cinco años.*



*B.5- Si por dicho Cuerpo se ha adoptado alguna medida de prevención de accidentes, informando al titular de la vía EP-7001 de la necesidad de instalar iluminación suficiente en las inmediaciones del PK 17.59 de dicha vía.*

Resultando.- Que con data 14/06/2024, e de conformidade co artigo 12, letra j), da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, solicitouse ditame, sendo emitido na data 17/07/2024 o Ditame CCG 229/2024, coas seguintes consideracións e conclusión:

*Primeira.*

*O Consello Consultivo de Galicia é competente para coñecer do expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas ao que se fixo referencia nos antecedentes a teor do previsto nos artigos 12.j) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e 17.a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobado polo Decreto 91/2015, do 18 de xuño, por tratarse dunha reclamación de responsabilidade patrimonial presentada ante unha Administración Local por contía superior a 15.000,00 €.*

*Segunda.*

*O expediente sobre o que se solicita a emisión de ditame suscita un caso de responsabilidade patrimonial das administracións públicas que, como tal suposto, vén regulado basicamente polo artigo 106.2 da Constitución española, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ((aspectos procedementais) e polos artigos 32 a 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).*

*Tratándose neste caso da eventual responsabilidade patrimonial dunha entidade local, debe traerse a colación o artigo 54 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a teor do cal: “as entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa”.*

*En sentido similar pronúnciase o artigo 223 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*No presente caso, ha de sinalarse que a Deputación de Pontevedra en esencia, tramitou correctamente o procedemento, quedando constancia no expediente remitido da realización dos actos de instrución necesarios, da concesión do trámite de audiencia á entidade reclamante, da práctica das probas que se consideraron pertinentes, e da formulación da correspondente proposta de resolución.*

*Terceira.*

*No tocante aos aspectos de fondo hai que indicar que os principios que rexen a responsabilidade patrimonial das administracións públicas son o resultado dunha elaboración da doutrina e da xurisprudencia, e teñen sido reiteradamente expostos polo Consello Consultivo.*



*Sinteticamente expostos, os presupostos mínimos para que surda a responsabilidade patrimonial da Administración, partindo do principio de responsabilidade obxectiva e directa, son:*

- a) O dano producido no patrimonio dos particulares ten que ser efectivo e individualizado nunha persoa ou nun grupo de persoas.*
- b) O precitado dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar. O dano producido no patrimonio dos particulares ten que ser efectivo e individualizado nunha persoa ou nun grupo de persoas.*
- c) O dano ou lesión patrimonial ten que gardar un nexco causal co funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) O dano non debe ser produto dunha situación de forza maior.*
- e) A reclamación ten que ser presentada polo particular interesado dentro do prazo legalmente establecido.*

*Xunto co anterior cabe indicar que a responsabilidade patrimonial da Administración se configura como unha responsabilidade obxectiva. Como máis significados lindes daquel principio xeral poden salientarse catro acontacións de formulación legal:*

- a) A forza maior (artigo 32.1 LRXSP)*
- b) A obriga xurídica de soportar o dano (artigo 32.1 LRXSP)*
- c) A non indemnizabilidade dos danos derivados de feitos e circunstancias que non se puideran evitar ou prever segundo o estado da ciencia e a técnica existentes na produción daqueles (artigo 34.1 LRXSP), e*
- d) Aqueloutras de creación xurisprudencial, tales como a culpa da vítima e feito de terceiro (recollidas en incontables pronunciamentos do Tribunal Supremo, entre outros, o contido na súa sentenza do 27.7.2002).*

*Cuarta.*

*Así, centrados estes principios básicos que rexen en materia de responsabilidade patrimonial e acreditado o cumprimento dos presupostos procesuais necesarios da reclamación, así como a adecuación da tramitación dada á reclamación, pasamos a abordar o obxecto do presente expediente, é dicir, se á entidade reclamante lle asiste ou non o dereito a ser indemnizada como consecuencia dos feitos referenciados nos antecedentes.*

*Procede así, primeiramente, constatar afirmativamente a realidade do dano, pois resulta demostrada a produción de danos no vehículo asegurado pola reclamante, como se desprende do informado pola Garda Civil de Tráfico.*

*E sentado o anterior, cómpre xa pasar á análise da existencia ou non dun nexco de causalidade entre o funcionamento do servizo público viario e o dano producido, xa que entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración figura o mantemento da rede de estradas.*



*Como ten dito reiteradamente este Consello Consultivo, (entre outros, CCG 148/00, CCG 781/2013, CCG 302/2022), a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantido en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a prol destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do viario. Non obstante o dito, a protección destes supostos polo ordenamento non é absoluta ou incondicionada. É dicir, a protección da confianza haberá de ponderarse equilibradamente xunto ao deber legal de precaución e coidado na conducción, que esixe unha conducta axeitada ás condicións da vía e atenta ás circunstancias que poidan presentarse na conducción.*

*Quinta.*

*No caso que nos ocupa, hai que sinalar en primeiro lugar, que pode obxectivamente constatarse a realidade do dano, tal como acredita o atestado da Garda Civil de Tráfico.*

*En canto á causa do sinistro, a parte reclamante imputa á Deputación de Pontevedra, unha negligencia na conservación da estrada onde tivo lugar o accidente. Así indica no escrito inicial:*

*“El presente accidente se debió a la negligencia de la Administración a la que nos dirigimos en su condición de titular de la carretera EP-7001 en donde tuvo lugar este accidente y ello porque, a pesar de que consta en la misma señalización P23 que advierte del "Paso de animales domésticos" en el Pk 17.9 con zona de afección de 5Km, lo cierto es, que siendo una vía de peligrosidad, tal como hacen constar los Agentes de la Guardia Civil, "la vía se halla insuficientemente iluminada".*

*Por lo tanto, nos encontramos con que, a pesar de reconocer por esa Administración la existencia de un peligro - Paso de animales domésticos que puede irrumpir en la calzada- dicha vía carece de iluminación, lo cual es esencial, para que los usuarios de la vía puedan percibir y percatarse de la presencia de animales, sin verse bruscamente sorprendidos, como ha ocurrido en el accidente que nos ocupa, que tuvo lugar a las 20.00 h del día 1 de marzo, que es noche cerrada. (...).”*

*A este respecto hai que indicar que o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación, no seu artigo 149 regula os sinais de advertencia de perigo, que teñen por obxecto indicar aos usuarios da vía a proximidade e natureza dun perigo difícil de ser percibido a tempo, co obxecto de que se cumpran as normas de comportamento que, en cada caso sexan procedentes, e entre eses sinais inclúese a P-24, que advirte do paso de animais en liberdade, perigo pola proximidade dun lugar onde frecuentemente a vía pode ser atravesada por animais en liberdade.*

*Pois ben, o certo é que no suposto sometido a ditame dáse a circunstancia de que, tal e como sinalan os informes da Deputación de Pontevedra e da Garda Civil, o punto no que tivo lugar o accidente si estaba afectado por unha sinalización de paso de animais en liberdade (P-24), no sentido de circulación que levaba o automóbil accidentado. Así o informe do Servizo de Enxeñería da Deputación (8.5.2024) describe do seguinte xeito a sinalización do punto, en cuestión:*

*“(...) Na estrada EP 7001 A Estrada-Forcarei, no p.q. 20+600 hai unha sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P-24) no sentido descendente dos p.q. coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo accidentado hacia A Estrada. Esta sinal conta cun panel complementario no mesmo poste co texto “5 km”, distancia que abrangue a indicación de perigo indicada pola sinal, de conformidade co indicado na 2 norma 8.1-*



I.C sinalización vertical, da instrución de Estradas”. O accidente produciuse no p.q. 17+590, punto localizado no entorno dos 5 km dende o p.q. 20+600, e por tanto na zona á que fai referencia a sinal P-24”. (...)

Adicionalmente hai unha sinal de velocidade máxima permitida de 80 km/h no p.q. 18+500 en sentido hacia A Estrada e de velocidade máxima aconsellable de 70 km/h e sucesión de curvas perigosas poucos metros despois e no mesmo sentido.

A estrada na zona onde se produciu o sinistro (P.Q. 17' 590) discorre a media ladeira, estando por tanto o terreo da marxe esquerda bo sentido hacia o Concello de A Estrada, mais elevado e o terreo da marxe dereita máis baixo que a estrada. A visibilidade, tendo en conta as lóxicas limitacións canso os terreos lindantes son de tipo boscoso, é boa. A zona do sinistro é unha recta pero o trazado presenta curvas en puntos cercanos, tal e como advirte a sinal de curvas sinuosas do p.q. 18+500”.

E, dándose tales concretas circunstancias da sinalización do perigo, non procede recoñecer a existencia de responsabilidade patrimonial a cargo da Administración provincial, tal e como pretende a parte reclamante.

Por outra banda, cómpre abordar unha última cuestión invocada pola interesada cal é a queixa sobre un defecto no alumeado da estrada, que considera como insuficiente. Este aspecto foi abordado no informe de Enxeñería da Deputación, que realiza a seguinte precisión: “(...) No existe iluminación con alumeado público neste tipo de estradas da rede de titularidade provincial, o cal é lóxico dadas as súas características, ó tratarse de estradas convencionais que comunican núcleos de poboación entre si”.

Sobre esta cuestión hai que poñer de manifesto a obriga de todo condutor a unha condución adecuada ás condicións, características e o estado da vía e ás circunstancias que se dean en cada intre. É o deber da chamada “condución dirixida”, concepto este que remite á necesaria existencia dunha conduta do usuario do servizo axeitada ás condicións da vía e fundamentalmente atenta ás circunstancias que poden presentarse na condución. Neste caso, tratábase dun tramo con sinais de perigo por animais en liberdade (denominación P-24), a zona do sinistro en concreto é unha recta, pero o trazado presenta curvas en puntos próximos tal como aparece na sinal de curvas sinuosas, no p.q. 18+500, polo que existe precaución máxima e atenta a estas circunstancias ao que hai que engadir que o suceso tivo lugar sobre as 20:00 horas do día 1.3.2023, polo que cómpre salientar a obriga do uso do alumeado correspondente ao automóbil por parte do condutor seguindo as previsións fixadas no Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación (artigos 98 e ss).

Sexta.

Por todo o exposto, este órgano consultivo debe emitir o seu parecer favorable á desestimación da pretensión deducida no mesmo senso a que se orienta a proposta de resolución examinada.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina:

Que informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria á que o presente expediente se refire”.

E para que así conste para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela.

A secretaria do Pleno e das Seccións

Vanessa Brea Lago





Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- O accidente tivo lugar ás 20 horas do día 01/03/2023, ó atardecer.
- Recóllese no atestado aportado coa instancia que a velocidade se atopa limitada por sinal vertical de prohibición ou restrición a 80 km/h.
- Asemade, existe un sinal vertical de advertencia de perigo por paso de animais domésticos con zona de afección de 5 kms.
- O firme atopábase seco e limpo, tratándose dun tramo recto e plano.
- Segundo a manifestación do condutor: *“A los animales los vio muy tarde dado que era de noche y sin iluminación en la vía”*.
- No informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación recóllese que se trata dunha estrada convencional e que este tipo de estradas non están valadas nos seus marxes, polo que non é posible garantir o impedimento do paso de animais soltos.
- Existe na estrada un sinal vertical de perigo por animais en liberdade (denominación P-24) no sentido descendente dos P.Q., coincidindo co sentido no que circulaba o vehículo, contando ademais cun panel complementario co texto “5 km”, distancia que abrangue a indicación de perigo indicada polo sinal.
- O accidente produciuse no P.Q. 17+590, punto localizado no entorno dos 5 km dende o P.Q. 20+600, e por tanto na zona á que fai referencia o sinal P-24.
- A maiores hai un sinal vertical P-23 de paso de animais domésticos no P.Q. 17+900 con panel complementario indicando 5 km.
- Adicionalmente hai un sinal de velocidade máxima permitida de 80 km/h no P.Q. 18+500 en sentido cara A Estrada e de velocidade máxima aconsellable de 70 km/h e sucesión de curvas perigosas poucos metros despois e no mesmo sentido.



- O tramo no que se produciu o sinistro dispón de boa visibilidade, sendo as marxes de tipo boscoso.
- A zona do sinistro é unha recta pero o trazado presenta curvas en puntos próximos, tal e como advirte a sinal de curvas sinuosas do P.Q. 18+500.
- Por outra parte non existe iluminación con alumbeado público neste tipo de estradas da rede de titularidade provincial, o cal é lóxico dadas as súas características, ó tratarse de estradas convencionais que comunican núcleos de poboación entre si, pero precisamente para iso serve o alumbeado de preceptiva utilización do vehículo, polo que non pode compartirse tal argumento, nin sequera coa natureza de coaduxar no basamento do relato da reclamante. Así, o artigo 43 do Real Decreto Lexislativo 6/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece o uso obrigatorio do alumbeado *“entre la puesta y la salida del sol (...), siendo también obligatorio utilizar el alumbrado que reglamentariamente se establezca cuando existan condiciones meteorológicas o ambientales que disminuyan sensiblemente la visibilidad, como en el caso de niebla, lluvia intensa, nevada, nubes de humo o de polvo o cualquier otra circunstancia análoga”*, como sería o caso do amencer ou anoitecer.

Do mesmo xeito se pronuncia o R.d. 1428/2003, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación: *“Todos los vehículos que circulen entre el ocaso y la salida del sol (...) deben llevar el alumbrado que corresponda de acuerdo con lo que se determina en esta sección (art. 98); Todo vehículo equipado con luz de largo alcance o carretera que circule a más de 40 kilómetros por hora, entre el ocaso y al salida del sol, fuera de poblado, por vías insuficientemente iluminadas... la llevará encendida, excepto cuando haya de utilizarse la de corto alcance o de cruce (art. 100) También será obligatorio utilizar el alumbrado cuando existan condiciones meteorológicas o ambientales que disminuyan sensiblemente la visibilidad, como en el caso de niebla, lluvia intensa, nevada, nubes de humo o de polvo o cualquier otra circunstancia análoga”*.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, como a inexistencia de luz —ó acaecer o sinistro ó atardecer-, a existencia de sinal de perigo P-24 e as zonas lindeiras de tipo boscoso, son circunstancias todas elas que fan descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculado coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”*.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: *“1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

*c) CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRRUPCIÓN EN ELLA”*.



Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Artigo 132.1: *“...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*

Artigo 149: *Las señales de advertencia de peligro tienen por objeto indicar a los usuarios de la vía la proximidad y la naturaleza de un peligro difícil de ser percibido a tiempo, con objeto de que se cumplan las normas de comportamiento que, en cada caso, sean procedentes.*

P-24: *Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde frecuentemente la vía puede ser atravesada por animales en libertad.*

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que a Disposición Adicional Sétima do Real Decreto Lexislativo 6/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece o seguinte:

*“En accidentes de tráfico ocasionados por atropello de especies cinegéticas en las vías públicas será responsable de los daños a personas o bienes el conductor del vehículo, sin que pueda reclamarse por el valor de los animales que irrumpen en aquéllas.*

*No obstante, será responsable de los daños a personas o bienes el titular del aprovechamiento cinegético o, en su defecto, el propietario del terreno cuando el accidente de tráfico sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva de una especie de caza mayor llevada a cabo el mismo día o que haya concluido doce horas antes de aquél.*

*También podrá ser responsable el titular de la vía pública (...) por no disponer de la señalización específica de animales sueltos en tramos con alta accidentalidad por colisión de vehículos con los mismos”.*



Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, en supostos con identidade de razón, irrupción de fauna na estrada, e NESA MESMA ESTRADA PROVINCIAL, a E.P. 7001, desestimaron os recursos presentados, ó estar debidamente advertido o perigo co sinal P-24 de paso de animais en liberdade, como son as seguintes Sentenzas:

- Sentenza 41/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2.
- Sentenza 71/2022 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2.
- Sentenza 75/2005 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3.
- Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3.

Considerando.- Que constan, semade, na Asesoría Xurídica da Deputación, outros precedentes dos Xulgados do Contencioso Administrativo de Pontevedra, nos que a pesares da inexistencia do sinal vertical P-24 de advertencia de perigo (o que non se produce no presente suposto, no que sí existía o citado sinal), desestimaron igualmente os recursos presentados por non existir probas suficientes da frecuencia no seu paso, que obrigaría á Administración a colocar o sinal de perigo. Estes precedentes son os que se citan “ad exemplum”:

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1: 171/2005; 115/2009; 119/2010; 179/2011; 268/2011 e 259/2012.
- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2: 228/2008; 1/2012, 243/2014 e 15/2021.
- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3: 27/2010 e 43/2011.

Considerando.- Que das sentenzas citadas nos anteriores *Considerandos*, convén salientar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 75/2005 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, desestimou o recurso contencioso presentado pola entidade mercantil demandante, nun suposto como o que nos ocupa, irrupción dun cabalo na estrada provincial E.P. 7001, no cal existía o sinal vertical P-24 de advertencia de perigo por paso de animais en liberdade, deixando dito que:

*“... No se puede pretender ampliar las obligaciones de la entidad titular de la carretera convencional, en este caso la Diputación de Pontevedra, para adoptar especiales medidas de policía que eviten la irrupción en la calzada de animales salvajes que deambulan en libertad, más allá de la señalización de su presencia y la moderación de la velocidad, ya que la normativa no impone en estos casos la obligación de instalar obstáculos sobre la calzada para garantizar unas condiciones de seguridad que son de imposible cumplimiento al tratarse de situaciones que escapan a toda posibilidad de control por parte de los servicios administrativos para impedir la irrupción de animales que deambulan con libertad y sin intervención de la entidad provincial demandada, que en este caso debe quedar exenta de la responsabilidad indemnizatoria ...”*

- Asemade, a Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:



*“La conclusión para este asunto, vista la prueba de que ha dispuesto el juzgado, conduce a la desestimación del presente recurso, porque no se habría demostrado que la Diputación, en la condición de titular de la carretera en cuestión, donde sucedió este accidente, hubiera dejado de adoptar las medidas de precaución que le serían exigibles, razonables, para evitar este tipo de accidentes”.*

- Igualmente, a Sentenza 41/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, desestimou o recurso contencioso-administrativo presentado por Helvetia por accidente producido por irrupción dun xabaril na mesma estrada que nos ocupa no presente suposto, a E.P. 7001, ó dicir que:

*“El hecho de que exista también en el tramo una señal que recuerda el límite de velocidad a 90 km/h, que es el genérico para ese tipo de vía, no puede considerarse como indicio de que haya cesado la advertencia de la señal P-24, y debiendo recordarse que se trata de una señal de máximo, de modo que el conductor, en atención a las circunstancias –como ocurre en este caso, de tramo boscoso y horas nocturnas– ha de adecuar la velocidad conforme se señala en el artículo 45 del Reglamento General de Circulación”.*

- Do mesmo xeito, e na mesma vía provincial (E.P. 7001) da que trae causa o presente, recolle a Sentenza 71/2022, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:

*“De lo expuesto, se concluye que la recurrente no ha demostrado la existencia del necesario nexo causal entre el funcionamiento de la Administración demandada y el siniestro, ya que como se ha adelantado, el siniestro se produjo en un tramo de una carretera convencional en la que no existe obligación de vallar, habiéndose constatado en el Informe de Tráfico de la Guardia Civil el buen estado de conservación de la carretera, así como el informe del Servicio de Infraestructuras e Vías Provinciales de la Diputación ha demostrado que en la fecha de la colisión existía una señal P-24 de peligro de animales salvajes muy próxima al lugar del accidente. Por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra no tuvo responsabilidad alguna en la causación del siniestro aquí enjuiciado, ya que, o bien, se debió a la velocidad imprudente del conductor que le impidió esquivar al animal, infringiendo con ello lo dispuesto en el art. artículo 45 y 46 del Reglamento General de Circulación (obligación de todo conductor a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta las características y el estado de la vía a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse, especialmente, cuando pueda preverse racionalmente la irrupción de animales en la vía) o bien, en un supuesto de fuerza mayor, irresistible, inevitable y externo al ámbito de intervención de la Administración local demandada”.*

Considerando.- Que en outros supostos con identidade de razón (arredor de 26 reclamacións de responsabilidade patrimonial por irrupción de fauna en vías provinciais), foron desestimadas as solicitudes de indemnización sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, os que atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer recurso contencioso-administrativo; tales precedentes constan na Asesoría Xurídica da Deputación.



Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou en chegar ó lugar do sinistro 30 minutos, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.

Considerando.- Que ao respecto das probas propostas pola interesada, nas que interesa a solicitude á DGT de Pontevedra e máis á Garda Civil Destacamento de Atestados de Lalín, de informes acerca dos accidentes acaecidos por presenza de animais ou sobre a necesidade de instalación de iluminación, o expediente constitúe acervo probatorio dabondo para que a Deputación valore e aprecie -ou non- a relación de causalidade e, na súa consecuencia, estime ou non, admita ou inadmita a reclamación.

O órgano que tramita o procedemento realiza de oficio os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución, polo que, en virtude dos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse o informe preceptivo ó Servizo responsable correspondente da Deputación, sendo unha actuación practicada de oficio pola Administración, sen prexuízo do seu dereito a solicitar e aportar os informes que propón da DGT de Pontevedra e da Garda Civil Destacamento de Atestados de Lalín en calquera momento do procedemento, e que serán unidos ó expediente, pois está no ámbito probatorio da interesada tal actuación, polo que se debe rexeitar a práctica das probas propostas.

Considerando.- Que o artigo 77.3 da Lei 39/2015 recolle o seguinte:

*“...El instructor del procedimiento sólo podrá rechazar las pruebas propuestas por los interesados cuando sean manifiestamente improcedentes o innecesarias, mediante resolución motivada”.*



Tal precepto foi desenvolvido pola xurisprudencia ó establecer que incumbe á Administración decidir que probas propostas pola parte admite e practica. Así se pronuncia a Sentenza do Tribunal Supremo de data 11 de xuño de 1976:

*“En la fase de instrucción de los expedientes administrativos no está obligada la Administración a practicar todas y cada una de las pruebas propuestas por los interesados, sino que goza de libertad para desarrollar de oficio o a instancia de parte los actos de instrucción que juzgue adecuados para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos en virtud de los cuales deba pronunciarse la resolución”.*

Considerando.- Que o Consello Consultivo de Galicia, no seu Ditame CCG 229/2024, informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria formulada por esta Deputación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

20.34093.- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN VIGUESA DE ALCOHOLOGÍA – ASVIDAL E A CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SALANS (VIGO) DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024. (Expte.2023075714)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoiem o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 30 de xaneiro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2024 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 22 de 31 de xaneiro de 2024.



Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2024. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 31 solicitudes e a exclusión de 32 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación Viguesa de Alcohología-ASVIDAL (Expediente 2024009711) presenta renuncia ao curso de risoterapia, dado que non dispoñen de espazo para levalo a cabo.

Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2024, sendo a Asociación Vecinal Cultural e Deportiva San Xurxo de Saians (Vigo), con CIF G36648988, a situada de primeira na lista.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada pola *Asociación Viguesa de Alcohología-ASVIDAL* (CIF: G36627453) e nº de expediente 2024009711.
2. Adxudicar á *Asociación Vecinal Cultural e Deportiva San Xurxo de Saians* (Vigo)(CIF G36648988) e nº de expediente 2024014334, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2024.

21.34094.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.34095.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.34096.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

